







Oficina Municipal de Turismo de Lalín
 Teléfono: 666 430 458
 infoturismo@lalin.gal


Concello de Lalín
 Concellería de Turismo
www.lalin.gal


L K M O
 Lalinkmcero


DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

Depósito Legal: PO 141-2016



LALÍN, PAISAXES CON HISTORIA POR (RE)DESCUBRIR E VIVIR


VÉN DAR UN PASEO POLA HISTORIA NATURAL DE LALÍN.

Fai un bo plan e vén a Lalín. Coñece os espazos naturais do noso rural máis vivo. Un patrimonio natural, etnográfico e cultural que conforman paisaxes de grande beleza.

O noso propósito é que coñezas o noso medio natural para activar os teus sentidos, para relaxarte, para que descanses, desconectes, soñes, enredes, ou para que sexa a primeira natureza que exploren os teus cativos. Temos paisaxes para vivir.

Visita Lalín, faino de vagar, explorando os seus recunchos, as súas fragas, soutos e carballeiras, castros, muíños, alvarizas, pontes, o seu románico, as súas costumes, a súa tradición.

A SERRA DO CANDÁN E MONTES DO TESTEIRO.

Un dos espazos máis representativos da media montaña galega. Incluído na Rede Natura 2000. 

Devesas do Candán. Sabías que o nacemento do río Deza acolle ás fragas máis grandes da provincia de Pontevedra. Cheas de acivros e arandeiras. O bufo real, a tartaraña cincenta, o gato bravo, ou o lobo son mostra da súa importancia faunística. [1](#) [14](#)

Osos, alvarizas e mel. Por esta serra vagaron osos ata finais do s.XIX. Pouco coñecido é o dato de que estes vales albergan unha das maiores concentracións de alvarizas do noroeste ibérico. Algunhas entre as mellores das que se poden ver. [2](#)

O sabor de Zobra é o seu mel, un dos de máis sona do País. A súa tradición apícola débemoslla aos monxes de Acibeiro. Eles introduciron moitos dos oficios que modelaron estas paisaxes: neveiras, carboeiras, a cultura dos teares e fiado do liño, os curros do gando, a mellora na construción dos muíños, tostas e canais, lagares e pontes, cerería e borrhalleiros, os arrieiros e o viño. [3](#) [17](#)

Non deixes de visitar: A Ermida, Chedas, Liñeiras, Zobra. O poboado mineiro do volframio da Trigueira. As aldeas rodeadas de bosques de Moa, Porto Martín, Ameixedo, Bustelos, ou a subida aos altos do San Bieito, o Uceiro, ou o Coco. [13](#) [18](#)

AS TERRAS DOS DEZ MIL REGATOS.

Se Galiza é o País dos dez mil ríos, Lalín é a terra dos dez mil regatos. Por calquera recuncho baixan presurosas augas, cristalinas e de tradición troiteira. Dende un dos mellores miradores naturais de Lalín, o Monte do Carro, perfectamente apréciase a división das bacías do Deza e do Arnego. Ámbolos dous ríos forman parte da Rede Natura 2000.

O río Deza.


O sistema fluvial do Deza é moi representativo pola súa biodiversidade e conta con flora e fauna ameazada de alto valor ecolóxico. A praia de Poza do Boi é das mellores da Galiza interior. [4](#) [11](#)

O Museo Etnográfico Casa do Patrón. Nas proximidades do Deza pódese visitar un interesante museo con centos de pezas e actividades que evocan a tradición do rural.

Árbores monumentais. O carballo do Muíño de Espinosa, en Soutolongo, o dos Carballiños, en Vilatuxe, e o carballo de Bermés na parroquia do mesmo nome, figuran no selecto grupo de magníficos do Catálogo galego de árbores senlleiras. [20](#) [21](#) [22](#)

A Ponte Taboada. Ponte románica do s.X (no ano 912), segundo consta nunha inscrición feita nun penasco contiguo, por onde cruza o Camiño Real aproveitando un dos pasos máis estreitos do río Deza, conformando unha fermosa paraxe. Moi próximo atópase o Pazo de Liñares, cos seus xardíns e o museo dos monicreques. [6](#)

O Sobreiral do río Arnego.

Os bosques de sobreiras ou corticeiras son unha peculiaridade botánica da comarca, moi escasos, de intensos e perennes cores verdes escuros, medran nas valgadas quentes do río. 

O mexillón de río. Este bivalvo de auga doce, no pasado abundante, hoxe en perigo de extinción, atopa neste río, entre tódolos de Europa, unha das súas últimas poboacións de cría. [7](#)

Paisaxe de augas bravas. O val do Arnego ofrece múltiples lugares a visitar. A Ponte dos Cabalos (ano 970), en Parada, é un enfeito pétreo que cruza o río. Augas abaixo torna máis calmo e modela paisaxes, onde perdura o antigo oficio da extracción da cortiza, en Cadrón, Rodís, Santa Baia de Palio, ou Galegos. [8](#) [23](#)

A avoa de Rodís e a capela de Palio. Xunto ao edificio da antiga fábrica de papel medra unha bicentenaria árbore do incenso (*Juniperus thurifera*). En Santa Baia de Palio a paisaxe forestal enriquecese coa presenza dunha xoia da arquitectura relixiosa, unha pequena igrexa protorrománica, única no Deza, pendente de restauración. [9](#)

AS PAISAXES DO INTERIOR DO PAÍS.


A paisaxe rural de Lalín está conformada por unha ampla variedade de soutos, carballeiras, fragas, touzas, devesas e sebes. Somos terra de castañas e candeas, de landras e folas de carballo. Alternando con prados de forraxe e sega, nun dos lugares de maior produción leiteira de Europa. [10](#)

Os castiñeiros de Quiroga. Declarados Monumento Natural, elévanse por riba dos 30 metros, sendo considerados os máis altos de Europa. Xunto a eles o fermoso souto de Casas Vellas. [16](#)

O castro de Gresande. Outros soutos de interese atopámoslos, ao pé do río Deza, por Prado, Anseán e Gresande. Este último lugar conta coa presenza dun dos máis importantes xacementos castrexos do interior de Galiza.

Terra de carballeiras. Vale a pena visitar as antigas corredeiras de Cercio, Bermés e Sello. Outras singulares son as de Donramiro, que acolle en setembro unha das festas máis concorridas e animadas da comarca.

Alperiz, historia milenaria. Destaca este lugar por presentar un interesantísimo xacemento arqueolóxico, co seu Altar do Sol, cun entorno natural cheo de pequenas carballeiras que salpican toda a paisaxe e enriquecen a potencialidade deste espazo. [15](#)

O Camiño de Inverno. Atravesa un solitario espazo, cun fermoso mosaico de monte de matogueira, prados e carballeiras. Ofrece para o naturalista un dos lugares de maior interese para á observación das aves. Un recorrido ornitolóxico moi recomendable. [12](#) [19](#) 

Carballeira de Barcia. Sen dúbida unha das carballeiras máis populares e fotografadas de Galiza. Con varios centos de carballos centenarios perfectamente aliñados. [5](#)

